
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	PE 410A 2010/10-1
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE PORTO DO SON	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	POLIQUETOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	<i>Lumbrineris impatiens</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
<b>Ambito do plan</b>	Entre punta Cabeiro e río Sieira.
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: de punta Cabeiro a punta Sagrada Zona B: de punta Sagrada a punta Magrío Zona C: de punta Castro a Porcalleira Zona D: de Porcalleira a río Sieira

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
0	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
7 (ver consideracións)		

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	84											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A Pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
			X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
<b>Especies</b>	<b>A pé (indiv/mariscadora/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Tripulante/ habilitación</b>
<i>Lumbrineris impatiens</i>	800 (total)	-	-
<i>Arenicola marina</i>		-	-
<i>Hediste diversicolor</i>		-	-
<i>Diopatra neapolitana</i>		-	-

<b>Artes a empregar</b>	A man, sacho, pá ou forquita
-------------------------	------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Praia de Cabeiro, Peirao de Porto do Son, Praia Arnela, Praia de Arealonga, Porcalleira e Río Sieira.
<b>Puntos de venda</b>	-----



## Outras consideracións

**Participantes:** Ao tratarse do primeiro ano que se presenta este plan de explotación, non hai ningunha persoa asociada á confraría de Porto do Son en posesión do permiso de explotación de poliquetos.

**Ampliación:** A presentación deste plan responde á necesidade de diversificar a actividade do sector adicado á extracción de percebe a pé, polo que o listado de participantes anexo ao plan inclúe a relación dos 7 percebeiros a pé asociados a esta confraría. Sen embargo, o permex de percebe non habilita ao seu titular para a extracción do recurso poliqueto, polo que deberán obter o permiso de explotación de poliqueto segundo o regulado no Decreto 425/1993, de 17 de decembro. Este permiso é compatible co de percebe segundo o establecido no punto 3 do artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia: "*O permiso de explotación poderá ser compatible coa explotación doutros recursos, en ningún caso poderá simultanearse a explotación*". Considérase razoable a proposta de iniciar a explotación deste recurso limitando o número de extractores a 7.

**Días máximos de extracción:** Dado que este é un plan de nova creación non dispoñemos de información algunha sobre a posible evolución das zonas de extracción nin das poboacións a explotar de cara a valorar o esforzo que se podería aplicar sobre estes recursos. Isto obríganos a ser cautelosos á hora de propor o esforzo pesqueiro para este primeiro ano. Por isto, non se acepta a proposta de días máximos de extracción deste plan, considerando necesaria a súa limitación a un máximo de 84 días ao ano.

**Xestión da explotación:** No plan presentado divídese o ámbito territorial da confraría en catro zonas de extracción, aínda que non determina se serán explotadas de xeito rotativo ou simultaneamente. Recoméndase iniciar esta explotación mediante a rotación de zonas, doada de levar a cabo dado o baixo número de participantes e a amplitude das zonas de extracción propostas.

**Puntos de control:** Deberán elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control e designar ás persoas responsables. Ademais, deberán especificar que puntos de control funcionarían en cada zona. O paso polos puntos de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.